

DECLARACIÓN DE UGT-GALICIA CON GALLO DO 25 DE XULLO

UGT APOSTA POR CONTINUAR NA SENDA DUNHA RECUPERACIÓN SOCIAL, ECONÓMICA E LABORAL XUSTA

O Sindicato pide coordinación entre as administracións para un bo aproveitamento dos fondos europeos cara unha Galicia competitiva e con emprego de calidade

Redacción.- Co gallo da celebración do Día Nacional de Galicia, a Comisión executiva de UGT-Galicia transmite, en primeiro lugar, a toda a cidadanía galega os parabéns pola celebración da súa data máis sinalada, que este ano conmemórase tras unhas eleccións xerais cuxos resultados deixan un panorama aberto e incerto, nunha conxuntura marcada por unha guerra ás portas de Europa e aínda cos últimos coletazos da pandemia da COVID.

Nesta conxuntura, UGT-Galicia pon en valor o traballo realizado durante estes últimos anos onde o diálogo social tivo un papel prioritario na senda do reforzamento da negociación colectiva, o crecemento económico, o reforzamento do Estado de benestar, a creación de postos de traballo, a estabilidade no emprego ou a garantía da sostibilidade dun sistema público de pensións. Isto, fronte a propostas económicas a medida dos intereses das elites e a favor da precarización laboral e de narrativas negacionistas ante o cambio climático, a hostilidade e discriminación cara a diversidade sexual ou cara os avances do movemento feminista e o desprezo dos valores colectivos, como o abandono das persoas máis vulnerables.

Neste últimos anos demostrouse que se pode traballar nunha saída xusta da crise e evitar que, como sucedeu no 2008, os fogares, as familias e os traballadores sexan os pagáns de situacións que non xeraron. A recuperación debe facerse dun xeito xusto, igualitario e sustentable. Para iso, o Sindicato esixe ás administracións unha correcta xestión e bo aproveitamento dos fondos europeos para camiñar cara unha Galicia competitiva e con emprego de calidade.

Unha data para a lembranza das vítimas da COVID, da guerra en Ucraína e para as vítimas do

sinistro de Angrois que hai 10 anos sacudiu á sociedade galega

Para UGT, esta data ten que converterse nunha xornada de celebración para todos e todas as galegas pero tamén nunha xornada reivindicativa e de lembranza. Lembranza para todos os que perderon a vida como consecuencia da COVID-19, para todos aqueles que aínda padecen as súas secuelas, lembranza tamén para as vítimas dunha guerra cruenta e inxusta que está a ter lugar ás portas da UE e lembranza tamén nesta data para as vítimas e as súas familias do sinistro ferroviario de Angrois que hai 10 anos sacudiu á sociedade galega na xornada previa ao 25 de xullo.

Neste Día Nacional de Galicia, dende UGT esiximos un presente e un futuro mellor para todas as galegas e galegos.

Dende UGT incídese en que hai que seguir protexendo dende as administracións as rendas máis desfavorecidas e atallar o aumento excesivo das marxes das empresas dos sectores enerxéticos e doutros que están aproveitando a situación para especular e elevar os seus beneficios.

En Galicia, a Xunta debe facer unha aposta clara pola mellora e a modernización das políticas activas de emprego que, xunto coa aplicación da reforma laboral, deben ser instrumentos prioritarios para a mellora da calidade do emprego nesta Comunidade.

Por outra banda, a Xunta tamén debe asumir as competencias que lle son pro-



pias en materia industrial porque son moitas as fronteas abertas neste eido en Galicia. Hai que traballar xa para disipar as numerosas incertezas que rodean a este sector, falta de traballo, elevado prezo da electricidade e o proceso de transformación enerxética. Estes riscos fan inaprazable a posta en marcha dunha política industrial na que se aposte por actividades de alto valor engadido e que aborde con especial atención o problema enerxético.

Nesta data tamén compre esixir o reforzamento dos servizos públicos. Requírese maior investimento, recuperar o financiamento anterior aos recortes do 2012 así como máis emprego e máis estable. Cómpre reducir a abusiva temporalidade no sector público. Só así se poderán facer efectivos dereitos fundamentais como o dereito á saúde, á educación, á seguridade e á protección social.

En definitiva, para todo isto, o que pide a cidadanía é construír consensos para unha reconstrución social e económica de Galicia xusta e que non deixe a ninguén atrás. Hai que facelo sobre bases sólidas, en liña co que reclama a sociedade, reparando as eivas detectadas neste últimos anos marcados pola pandemia e pola guerra pero tamén reparando as eivas históricas que arrastra a nosa Comunidade.

A REFORMA LABORAL CONTINÚA CREANDO EMPREGO DE CALIDADE

Redacción.- Os datos de la EPA do segundo trimestre de 2023, publicados este xoves polo INE, reflicten un avance en materia de creación de emprego e a persistencia da mellora da calidade do mesmo. Sen embargo, aínda quedan materias por resolver no mercado laboral, como a elevada parcialidade ou o paro de longa duración.

Os principais datos mostran un aumento dos ocupados nun 2,4% trimestral, o que se traduce en 26.500 empregos novos desde o pasado trimestre. Así mesmo, produciuse un aumento do número de asalariados, 28.500 máis, o que implica un aumento do 3,2% trimestral. Polo que respecta á calidade do emprego, deste conxunto de asalariados que se sumaron neste trimestre 30.500 foron con contrato indefinido e baixaron en 2.000 os de contrato temporal, polo que a taxa de temporalidade é dun 15,7%. Respecto a hai un ano, esta taxa reduciuse en 4,4 puntos porcentuais.

Para UGT-Galicia, estes datos mostran un positivo dinamismo do mercado laboral no conxunto do ano, sinal de recuperación respecto á desaceleración económica vivida a finais do 2022. Grazas á moderación da inflación e ao maior crecemento económico do primeiro trimestre respecto ao esperado, as previsións para 2023 melloraron significativamente, tanto para o Goberno como para o resto de institucións.

Con todo, UGT considera que aínda quedan moitos cambios por realizar no mercado de traballo, onde aínda se aprecian algúns datos preocupantes. O primeiro deles, aplacar o elevado paro de longa duración, que corresponde a persoas que levan un ano ou máis buscando emprego, e que supoñen o 35% do total de parados. Reducir o paro de longa duración, como xa se está facendo coa taxa de paro desde a implantación da reforma laboral, debe ser unha prioridade en materia laboral. Para iso, é fundamental que se introduzan unhas Políticas Activas de Emprego potentes, con capacidade de acompañar á persoa desempregada en todas as fases da súa procura de emprego e cuns plans deseñados para a realidade do mercado laboral actual. Pese ao errado intento da Lei de Emprego, UGT esixe que nesta nova lexislatura establézanse unhas Políticas Activas de Emprego que reforquen e impulsen o papel que desempeñan os Servizos Públicos de Emprego.

Doutra banda, o sindicato denuncia a alta pobreza laboral que existe no noso



país, ao redor do 16,5% das persoas ocupadas están en risco de pobreza, sendo a elevada parcialidade unha das súas principais causas. Neste trimestre, o INE rexistra que o 14,2% das persoas ocupadas estano a tempo parcial. Ademais, dentro deste grupo de persoas a metade (un 50,1%) estano de maneira involuntaria, é dicir, por non poder atopar un traballo a tempo completo.

Seguir impulsando políticas que melloren a economía e o emprego

Por iso, UGT considera imprescindible que os seguintes cambios laborais contemplen solucións para estas problemáticas estruturais, co mesmo éxito que se tivo á hora de abordar a alta taxa de temporalidade que tiña España e que, tras un ano e medio desde a posta en marcha da reforma laboral, reduciuse considerablemente. Ademais, é fundamental revisar a regulación do custo de despedimento improcedente, para que a súa indemnización sexa efectivamente disuasoria e reparadora do dano provocado. Mediante este cambio, lograríase desincentivar os despedimentos en momentos de recesión económica e incentivar o uso dos ERTE, que permiten un maior grao de flexibilidade ás empresas e é menos lesivo para as persoas traballadoras.

Aínda que se levaron a cabo reformas moi positivas e o mercado laboral estea a responder cuns resultados extraordinarios, UGT considera urxente profundar nas melloras e constituír un cambio no modelo económico actual que cre empregos dignos e de calidade, reduza a pobreza e a desigualdade e onde as persoas traballadoras sexan as que melloran

a súa calidade de vida.

Radiografía da EPA en Galicia

Os datos amosan que hai en Galicia 25.000 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 2,3%) e, en relación ó primeiro trimestre de 2023, hai 26.500 ocupados máis, o que supón unha suba do 2,4%.

Aínda así, aínda que a EPA amosa unha clara remisión dos efectos da pandemia, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 53,2%, fronte ó 59% do resto do Estado.

Interanualmente, o paro baixou en 19.700 persoas, o que supón o 14,1%. E, en relación ó trimestre anterior, o paro tamén diminuíu, un 11,4%, en 15.400 persoas.

Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 119.700 persoas desempregadas, no 9,6%. No caso dos homes esta taxa é do 8,9% e do 10,3% no caso das mulleres. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 24,3%.

Por sectores, interanualmente, o emprego mellora na agricultura e pesca, cunha suba da ocupación dun 11,5% (7.400 ocupados máis); no sector servizos, cun aumento do 2,3% (18.100 ocupados máis); e na construción, cun incremento do 0,7% (500 ocupados máis). Pola contra, na industria baixa nun 0,6% (1.000 ocupados menos).

Con respecto ao trimestre anterior, a perda concéntrase no sector da construción, con 1.100 ocupados menos (1,5%).

O ocupación sube no resto, un 9,3% no primario (6.100 ocupados máis); 3,4% na industria (5.500 ocupados máis); e un 2% no sector servizos (16.200 ocupados máis).

Hai en Galicia un total de 925.700 asalariados, aumentando con respecto ó trimestre anterior en 28.500 (3,2%), e ó ano soben en 26.200 (2,9%).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que mellora e moito. Cae ata o 15,7%. Dáse un aumento no trimestre da poboación asalariada con contrato indefinido, do 4,1%, e unha caída dos temporais, dun 1,4%. No ano tamén comeza a notarse a

estabilidade do emprego, aumentando a poboación asalariada con contrato indefinido nun 8,6% e baixando a temporal nun 19,6%.

O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 14,2%, sendo o 50,1% da mesma de carácter involuntario.

Difícil situación para moitos fogares e 42.000 persoas paradas de longa duración. A protección social resulta imprescindible

Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación dos fogares e o paro de

longa duración. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias.

Hai en Galicia un total de 47.700 fogares con, polo menos, unha persoa activa e nos que todos os seus membros activos están en desemprego. E 25.200 fogares que non perciben ingresos.

Das 119.700 persoas que están no desemprego, 42.000 levan máis dun ano nesta situación.

Resulta evidente que o paraugas da protección social é imprescindible para que ninguén quede atrás neste país.

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS POLO DESPEDIMENTO DO CANDIDATO DE UGT ÁS ELECCIÓNS NA CONCESIONARIA DA LAVANDERÍA DO CHUVI

Redacción.- A empresa Elis matic, concesionaria do servizo de lavandería dos hospitais Meixoeiro, Álvaro Cunqueiro e Nicolás Peña de Vigo ven de despedir a un afiliado de UGT por exercer o seu lexítimo dereito de representación sindical, sendo candidato por este sindicato nas eleccións sindicais.

Para denunciar esta situación, FeSMC-UGT convoca concentracións fronte á lavandería do Meixoeiro os mércores e xoves.

UGT esixe a readmisión inmediata do traballador afectado e anuncia que loitará en todos os fron-



tes por este fin.

O Sindicato tamén lamenta que o

comité de empresa, no que están CIG e CCOO, non teña apoiado as mobilizacións convocadas.

ANTE AS TEMPERATURAS EXTREMAS, AS EMPRESAS DEBEN PROTEXER ÁS SÚAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES

Redacción.- Ante as altas temperaturas, as empresas deberán tomar medidas adecuadas para a protección das persoas traballadoras fronte a calquera risco relacionado con fenómenos meteorolóxicos adversos, incluíndo temperaturas extremas.

As medidas que se adopten serán resultado da avaliación de riscos laborais, que tomará en consideración, ademais dos fenómenos mencionados, as características da tarefa que se desenvolva e as características persoais ou o estado biolóxico coñecido da persoa traballadora.

En maio deste ano aprobouse a Real Decreto-lei 4/2023 do 11 de maio no que se abordan, entre outras cuestións, a Prevención de riscos laborais en episodios de elevadas temperaturas. Esta normativa amplía



os dereitos dos traballadores que realizan as súas tarefas ao aire libre. As persoas traballadoras en plataformas de repartición están expostas continuamente a estes riscos.

Os riders deben coñecer e esixir os

seus dereitos, xa que a súa saúde, e mesmo a súa vida, están en xogo. Algunhas destas medidas necesarias de protección podédelas atopar no documento adxunto. <https://www.ugt.es/sites/default/files/Ante%20las%20temperaturas%20extremas%2C%20tienes%20derechos.pdf>

HAI EMPRESAS XA IMPLANTADAS CUN ALTO CONSUMO ENERXÉTICO CUXA COMPETITIVIDADE DEPENDE DO DESENVOLVEMENTO DA EÓLICA, ASÍ COMO PROXECTOS INDUSTRIAIS DE FUTURO CUXO ASENTAMENTO DEFINITIVO TAMÉN DEPENDE DISTO

UGT FICA RESPALDA OS PROXECTOS EÓLICOS EN GALICIA E LEMBRA QUE O ACCESO A ENERXÍA LOCAL E A BAIXO CUSTE É A GARANTÍA PARA UN DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL SÓLIDO E SUSTENTABLE QUE LEVE PARELLO EMPREGO DE CALIDADE

Urxe seguridade xurídica para un sector que pode traer importantes retornos para a nosa Comunidade

Redacción.- Na actual conxuntura, marcada pola falta de seguridade e un futuro indefinido e incerto de cara aos proxectos eólicos en Galicia, UGT FICA insiste na súa aposta clara e o seu respaldo cara estes proxectos enerxéticos, para o cal, urxe a seguridade xurídica suficiente que garanta a súa continuidade nesta Comunidade. Só así, converténdose Galicia nun polo enerxético baseado en enerxías limpas e sustentables como a eólica, garantirase un futuro industrial sólido, sustentable, solvente e con garantías de emprego de calidade.

Na actual conxuntura, son moitas as empresas e proxectos industriais cuxo futuro depende do acceso a unha fórmula enerxética próxima, a baixo custe e que, ademais, sexa renovable e limpa. Existen a día de hoxe en Galicia empresas cun alto consumo enerxético, como Alcoa, Ferroglobe, Megasa ou Stellantis, cuxa competitividade e incluso o seu propio futuro en Galicia poden depender do acceso a esta solución enerxética.

Tamén hai a día de hoxe sobre a mesa posibles proxectos industriais a desenvolver moi vinculados aos custos enerxéticos, como Sentury Tire, fibras téxtiles de Palas de Rei, o proxecto de Showa Denko ou proxectos de fabricación de plataformas de eólica mariña e outros que poidan xurdir. Que se poñan en marcha na nosa Comunidade pode supoñer un pulo importante á necesaria reindustrialización de Galicia e á creación de emprego de calidade.

Sen esquecer as plantas de almacenamento enerxético, estacións de bombeo ou plantas de hidróxeno verde como as de Meirama ou As Pontes que dependen moito de ter excedente enerxético a baixo custe.

A eólica permitirá o cumprimento dos obxectivos de reducións de emisións

Ademais das necesidades empresariais, a aposta pola enerxía eólica ven dada por unha necesidade de cumprimento dos obxectivos medioambientais.



Tanto a nivel europeo, co ambicioso paquete de medidas “Fit 55”, como a nivel de España, coa Directiva de Eficiencia Enerxética, fíxanse medidas de reducións de emisións, do 23% para o 2030 en España, que urxe acometer.

Chegar a estes obxectivos supón aumentar o ritmo de despregue das enerxías renovables, acadando unha cota mínima do 40%, no 2030, partindo do 19,7% actual. E todo indica que a eólica será unha das tecnoloxías predominantes.

Galicia non pode perder o tren da eólica e debe saber integrar esta enerxía no desenvolvemento da súa economía

Son sinerxias que apuntan a que Galicia non pode perder o tren da eólica e debe saber integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da súa economía e unha parálise dos proxectos en marcha pode supoñer para a nosa Comunidade a perda do liderado industrial neste sector e milleiros de empregos.

Esta aposta non é incompatible coa integración social dos proxectos e o respecto medioambiental

Para UGT FICA, esta aposta non é incompatible coa integración social dos proxectos e o respecto medioambiental e para iso está o cumprimento das norma-

tivas, leis e regulamentos existentes ao respecto. Os procesos para chegar á autorización de construción de parques eólicos son longos e hai que cumprir moitos requisitos para chegar a o punto final e non pode ser que, despois de pasar todos os protocolos, se xere unha situación de inseguridade xurídica que deixe no limbo estes proxectos.

Hai máis de 2.000 MW de parques con autorización pero cun prazo limitado para poñelos en marcha. Non se poden atrasar e poñer en risco o liderado de Galicia como xeradora de enerxía eólica

UGT FICA lembra que hai máis de 2.000 MW de parques eólicos con autorización de construción a día de hoxe en Galicia pero cun prazo limitado de tempo para poñelos en marcha. Polo que poñer atrancos e atrasar o proceso pode xerar graves prexuízos ao posible liderado de Galicia como xeradora de enerxía eólica e as sinerxias que con isto se crearán no ámbito industrial.

UGT FICA insiste en que a clave está en conxugar axeitadamente as oportunidades que a eólica pode ofrecer para situar a Galicia á cabeza de produción de enerxías limpas, aproveitar esta sinerxia para garantir a creación de emprego e o desenvolvemento industrial da Comunidade, así como a súa competitividade, e todo respectando o medio ambiente e baixo o paraugas da seguridade normativa e xurídica necesaria.

UGT APOIA A PARTICIPACIÓN DO DIÁLOGO SOCIAL COS SINDICATOS NA CONFORMACIÓN DUNHA MAIORÍA DE PROGRESO PARA ESPAÑA

UGT valorou os resultados das eleccións xerais celebradas no noso país desde o noso máximo compromiso pola Democracia e os principios que a conforman

Redacción.- Unha das maiores conquistas que se obtíñen nos países democráticos é que os Parlamentos e os Gobernos se configuran a través da súa elección mediante as urnas, o que en España sucedeu coas máximas garantías de transparencia e fiabilidade na xornada do 23 de xullo de 2023. Debemos, por tanto, felicitarlos pola lección que deu a sociedade española no seu conxunto, desde as Institucións á Cidadanía, que exerceu o seu dereito ao voto con total liberdade e responsabilidade. O escrutinio mostra un parlamento fragmentado cun forte retroceso da dereita máis extrema. Debemos felicitarlos, en consecuencia, de que a cidadanía española estea, como pediamos os sindicatos, abandonando opcións contrarias ao diálogo social, á loita contra a violencia de xénero, claramente antieuropeístas e negacionistas.

Ningún partido alcanzou a maioría suficiente para gobernar sen o apoio doutras forzas parlamentarias. Aínda que o voto concentrouse ao redor dos tradicionais dous grandes partidos (o PP obtén o 32,9 % dos votos e 136 escanos, e o PSOE o 31,8 % e 122), será necesario o concerto de varias forzas parlamentarias tanto para a conformación do Executivo, como para o desenvolvemento lexislativo. Tendo isto en conta, instamos a todas as forzas políticas a illar a influencia da extrema dereita, tal e como ocorre nos países máis avanzados de Europa; Alemaña ou Francia, por poñer un exemplo, protexendo o noso Ordenamento Constitucional fronte a quen cuestiona os principios esenciais de dereitos e liberdades que tamén ampara a normativa da Unión Europea. O respecto ás Institucións esenciais da nosa Constitución, como somos os interlocutores sociais recollido no art.7 da Carta Magna, debe guiar calquera acción de goberno respectuoso cos principios sociais e democráticos que rexen tanto en España como en Europa. O novo Goberno deberá protexer o valor dos Servizos Públicos que se demostraron moito máis eficaces nestas eleccións, desde o persoal de Correos ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Unha vez máis se acredita que os Servizos Públicos de calidade son fonte de igualdade e de benestar social. Así debe ser tamén na Educación, na Sanidade ou no Sistema de Pensións.

UGT vai seguir defendendo o valor do diálogo social e o respecto absoluto aos froitos do mesmo, co obxectivo de manter a senda de afianzar e recuperar dereitos das persoas traballadoras, como ocorreu coa reforma laboral, a dignificación do SMI, a revalorización das pensións e a garantía

de sustentabilidade do seu sistema público ou as leis do teletraballo e Rider, por citar só algunhas da frutífera lista da concertación social na lexislatura pasada. O novo Goberno, con respecto ás organizacións sociais democráticas, deberá despregar os recursos económicos necesarios, dos que os fondos europeos son unha boa oportunidade, para facilitar transicións xustas nunha economía sostible.

O desenvolvemento do VAENC obriga a que o novo Executivo recolla as súas peticións, froito do consenso entre organizacións empresariais e sindicais, como é a derogación da desindexación ou o establecemento dun sistema de xubilación parcial a través do contrato de substitución en desenvolvemento do pacto de pensións de marzo de 2023. Respecto ao acordado no seo do diálogo social, tamén debe comportar un pacto de Estado pola Industria que permita unha mellor posición deste sector vital para a economía do noso país. O sindicato fai un chamamento a recuperar as leis sociais que quedaron inconclusas na anterior lexislatura, das que a lei de contratos de Estado, as leis básicas de axentes e de bombeiros forestais, ou o Estatuto do Bolseiro son unha boa mostra. UXT exhorta a todas as forzas políticas que alcanzaron representación parlamentaria, a transitar cara a acordos básicos para construír unha sociedade cohesionada e para manter a España como referente da política económica e social europea.

Agora que algunhas voces reclaman as ineficaces políticas de austeridade, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores quere destacar que a intensa intervención pública no mercado de traballo a través do resultado do diálogo social tripartito – os ERTes Covid e as medidas comprometidas cos fondos Next Generation- salvaron millóns de empregos e centos de miles de empresas, e evitaron, nas sucesivas crises que padeceu o noso país, as situacións inxustas e de sufrimento que xeraron as políticas adoptadas durante a crise financeira de 2008. As medidas de austeridade que se aplicaron nesa época foron letais para a recuperación económica e cebáronse, sobre todo, nos países do sur con números demoledores que golpearon a situación de



miles de familias e empresas. O resultado das urnas avala que unha maioría da cidadanía aposta por consolidar os progresos realizados e a avanzar, tal e como solicitamos as organizacións sindicais no noso manifesto do 13 de xullo, en dereitos e liberdades en prol dunha sociedade máis rica, máis xusta e máis igualitaria.

A protección das mulleres, as políticas de igualdade e a loita contra a violencia de xénero determinará o grao de compromiso do novo Goberno no establecemento dunha sociedade máis decente. O respecto á diversidade, os dereitos dos colectivos longamente discriminados, como o colectivo LGTBI, debe resultar clave á hora de conformar as maiorías parlamentarias que dean lugar ao establecemento do novo executivo.

Estas Eleccións Xerais definíronse como as máis importantes en España durante décadas; o Goberno que se conforme de acordo aos seus resultados deberá afrontar con sensibilidade social as transformacións que se atopan en marcha – dixital, enerxética, ecolóxica- co obxectivo de que ningunha persoa quede atrás.

Chamamos, pois, a profundar no progreso económico e social que experimentou o noso país nos últimos anos, dos que os sindicatos fomos actores principais a través do diálogo social. A democracia debe ser moito máis que votar cada catro anos. A democracia en España tamén depende do respecto a todas e cada unha das Institucións da nosa norma fundamental de convivencia, entre as que estamos, subliñémolo, as Organizacións Sindicais. Creemos que chegou o momento de que o amplísimo consenso parlamentario que recibe o diálogo social tradúzase nunhas normas claras e transparentes para o recoñecemento e o soporte do labor que desenvolvemos os interlocutores sociais.